



Concello de Sarria

PROPOSTA DAS BASES REGULADORAS DA EDICIÓN VIRTUAL DA CARREIRA DO DIA DA MULLER DO CONCELLO DE SARRIA 2021 (EVENTO VIRTUAL CON PERCORRIDO FÍSICO), QUE SE EXPOÑEN A CONTINUACIÓN:

Verbo da situación de pandemia causada pola Covid 19, na que non se pode celebrar de forma presencial a IV Carreira da Muller do Concello de Sarria

Propoño a aprobación das bases da **IV Carreira da Muller do Concello de Sarria en formato virtual:**

I.- PARTICIPANTES: poderán participar todas as persoas que se inscriban na proba na páxina www.sarriacorre.com entre o 1 o 14 de marzo ambos inclusive.

II.- CONDICIÓN: A carreira realizarase libremente polos deportistas entre os días 1 o 14 de marzo ambos inclusive, en calquera hora. Unha vez finalizado o percorrido o corredor deberá subir o tempo empregado á páxina web www.sarriacorre.com.

Poderá participar calquera persoa que estea correctamente rexistrada, sen límite de idade.

Realización da Actividade: Para realizar e medir a actividade pódese usar calquera dispositivo que o concursante use normalmente (GPS, aplicación móbil, cronómetro,)

Realización manual: Unha vez realiza a actividade poderase rexistrar na web oficial do evento, no prazo e datas anteriormente indicadas, picando no botón **“REXISTRO DE ACTIVIDADE”** identificándose co dorsal e a data de nacemento. Pedirase unha proba gráfica da carreira (captura do track, display do GPS...)

III.- PERCORRIDO:

Saída: Ponte da Castelao.

Meta: Ponte da Castelao.

Distancia: 3 km .

IV.- ACEPTACIÓN DAS BASES: A inscrición supón a aceptación das bases, que poderán ser descargadas na páxina web do Concello de Sarria www.sarria.es e en sede electrónica [www.sarria.sedelectronica.es](http://www.sarria.sedeelectronica.es) e en www.sarriacorre.com.

O evento estará incluído na plataforma web PGD www.sarriacorre.com que incluírá na mesma tódalas probas deportivas de atletismo organizadas polo Concello de Sarria.

V.- PREMIOS:

Establécense 25 premios de 100 euros cada un, e pagaranse mediante presentación de factura ou facturas, a nome do premiado ou premiada, expedidas por un comercio ou negocio de hostalería de Sarria cun importe total igual ou

Concello de Sarria



Concello de Sarria

superior ao importe do premio.

Poderase elixir calquera tipo de establecemento aberto ao público, sempre que estea dentro do límite municipal do Concello de Sarria, quedando excluídas as grandes superficies ou supermercados xestionados por cadeas.

As facturas presentaranse no rexistro de entrada do Concello de Sarria xunto coa copia do DNI e o certificado da conta bancaria onde queira que se lle realice o ingreso do importe correspondente ao premio.

VI.- PREMIADOS:

Os premiados serán elixidos por sorteo entre tódolos participantes que rematen o percorrido. O sorteo será feito pola empresa MULTISPORTS GALICIA, S.L.U.- CC NORTE SPORS TIMING con tódalas garantías.

VII.- COMUNICACIÓN AOS GAÑADORES:

A lista dos premiados publicarase na redes sociais, na web do concello e na páxina web www.sarriacorre.com.

Os gañadores terán un tempo máximo de 2 meses para presentar a factura ou facturas, salvo causa debidamente xustificada.

VIII.- OUTROS: Todas as dúbidas, problemas e queixas que xurdan da interpretación destas bases resolveranse directamente polo Concelleiro.